

## DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Zac 9, 9-10

**Velaí o teu rei ven a ti coma pobre**

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ZACARÍAS

Relouca, filla de Sión,  
grita de ledicia, filla de Xerusalén.  
Velaí chega o teu rei,  
é xusto e protexido do Señor,  
humilde e montado nun burro,  
sí, nun burriño fillo dunha burra.  
Eu acabarei cos carros de Efraím  
e cos cabalos de Xerusalén,  
acabarase o arco de guerra  
e El anunciará a paz ás nacións,  
reinará desde un mar a outro mar,  
desde o Éufrates ós confíns da terra.

SALMO RESPONSORIAL Sal 144, 1-2. 8-9. 10-11. 13cd-14

**R/ (1): Meu Deus e meu rei, bendicirei por sempre o teu nome**

Meu Deus e meu rei, quero enxalzarte  
e bendicir por sempre o teu nome.  
Bendicireite o día enteiro,  
louvarei por sempre o teu nome.

O Señor é clemente e compasivo,  
tardo á ira e rico en amor.  
O Señor é bo para todos,  
agarimoso con todas as súas obras.

Lóuvente, Señor, as túas obras,  
bendígante os teus amigos.  
Pregoen a gloria do teu reino,  
proclamen as túas fazañas.

O teu reino é reino eterno,  
o teu goberno dura por xeracións.  
O Señor sostén a todos os que caen  
e endereita os que se dobran.

SEGUNDA Rm 8, 9-13

**Se, coa forza do Espírito, mortificades as obras do corpo, viviredes**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA  
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Vós senón conforme o Espírito, posto que o Espírito de Deus habita en vós: se algún non ten o Espírito de Cristo, ese non é de Cristo. Se Cristo está en vós, o voso corpo certamente está morto por culpa do pecado, mais o Espírito é vida por causa da xustiza. Se o Espírito do que resucitou dos mortos a Xesús habita en vós, o mesmo que resucitou a Cristo dos mortos vivificará os vosos corpos mortais polo seu Espírito que habita en vós.

Polo tanto, irmáns, somos de certo debedores; pero non da baixa condición, para vivirmos segundo ela. Porque, se vivides segundo a baixa condición, teredes que morrer pero, se coa axuda do Espírito mortificades as obras do corpo, viviredes.

ALELUIA Cf Mt 11, 25:

Bendito es ti, Pai, Señor do ceo e mais da terra,  
porque lle revelaches aos humildes os misterios do Reino

**DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO A**

EVANXEO Mt 11, 25-30

**Son manso e humilde de corazón**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Naquel tempo dixo Xesús:

- Bendito sexas, meu Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles escondiches estas cousas aos sabios e aos prudentes e llas revelaches á xente humilde. Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así. Meu Pai ensinoume todas as cousas e ninguén coñece ao Fillo agás o Pai, nin coñece ao Pai agás o Fillo e aquel a quen o Fillo llo queira revelar.

Achegádevos a min todos os que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade co meu xugo e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón e atoparedes acougo para as vosas vidas; porque o meu xugo é levadeiro e a miña carga liviá.